

# O golfo Ártabro, un espazo único para as aves mariñas

## As que crían aquí ■■■



**Gaivota patiamarela**

É a nosa especie de gaivota máis común. Cría tanto en cantís e illas como en azoteas. Desde hai unha década a súa poboación sofre un serio declive.



**Pardela cincenta atlántica**


Os exemplares que crían nas colonias das illas Sisargas e a illa Coelleira (xa en Lugo) veñen con frecuencia a alimentarse ao golfo Ártabro.



**Gaivota escura**

**Ademais...**  
A gaivota escura ten unha pequena poboación nas illas Sisargas, onde desde hai anos xa non crían nin arao nin gaivota tridáctila. O gaivotón comezou a criar en moi pequeno número hai poucos anos.

**Corvo mariño cristado**




A súa colonia do Monumento Natural da Costa de Dexo, en Oleiros, é a máis importante de Iberia, sen contar coas que existen nalgúns illas.



**Paiño pequeno**

Unhas poucas parellas crían en illas como as Gabeiras e A Marola. Cando chega o inverno, vanse cara ao Atlántico Sur.



**Paiño pequeno**

Unhas poucas parellas crían en illas como as Gabeiras e A Marola. Cando chega o inverno, vanse cara ao Atlántico Sur.

## As que veñen de fora ■■■




**Mascato**

Cunha envergadura de case 1,80 m, mergúllase desde moi alto para pescar baixo a superficie. Nas migracións de primavera (cara ao norte) e outono (cara ao sur) pasan por aquí centos de miles.



**Carrán cristado**

Milleiros deles pasan por aquí de ida nas migracións de primavera, cara ás súas colonias no norte de Europa, e de regreso nas de outono. Uns poucos quedan a pasar o inverno.




**Furabuchos balear**

É unha das aves mariñas máis ameazadas do mundo. Só aníña nas illas Baleares. Terminada a tempada de cría, voa cara ao Atlántico. Entón o golfo Ártabro convértese nun lugar de importancia capital para ela.




**Palleira grande**

A maior parte das súas colonias están en Escandinavia, Islandia e Escocia. De novo usa estas augas como zona de paso e de invernada. Persegue a outras aves mariñas para roubarlles a súa pesca.



**Gaivato chorona**

Varios milleiros de exemplares desta especie pasan aquí o inverno. Vén de diferentes países de Europa, onde regresan na primavera cando a súa cabeza vólvese de cor chocolate.



**Ademais...**

Moitas outras aves invernan ou migran por estas augas. Entre estas últimas, algunas son oriúndas de lugares tan remotos como o norte de Canadá, Siberia ou mesmo a Antártida!